



ÍNDICE DE CALIDADE SOCIAL, XÉNERO E DIVERSIDADE DO ÁMBITO EDUCATIVO



Elaborado conjuntamente:

Co apolo de:



Generalitat de Catalunya
**Institut Català
de les Dones**

FOR
GENDER
S E A L



¿QUÉ É O IQSGD?

O índice de calidade social, xénero e diversidade no ámbito educativo é un instrumento de transformación social para avanzar de maneira constante e progresiva cara á igualdade de trato e oportunidades a través dos centros educativos.

O IQSGD, elaborado pola Asociación Forgender Seal e pola Plataforma Unitaria contra as Violencias de xénero, é aplicable a todos os centros educativos de educación formal e de educación non formal, que busquen reducir as desigualdades sociais e de xénero, que se posicionen como impulsores da Axenda 2030 e ambicionen construír sociedades a partir dunha educación transformadora onde a perspectiva de xénero, os dereitos humanos e a diversidade sexan eixos transversais da súa actuación.


É o primeiro índice social do país dirixido aos centros educativos.



Como resultado do compromiso e da avaliación, o centro educativo pode obter o recoñecemento chamado “Camiño ao Violeta” ou directamente o “Distintivo Violeta no ámbito educativo”.



O Distintivo Violeta identifica o centro educativo como un actor comprometido coa igualdade, entendida como un valor e como un dereito en si mesmo, e como un principio que atravesa e dá contido ao resto de dereitos humanos da declaración universal.



Camiño ao Violeta. Saber onde estamos é o primeiro paso, e dos máis importantes para poder avanzar en metodoloxías educativas a favor da igualdade de trato e oportunidades. O centro educativo marcarase o seu propio obxectivo a partir da puntuación alcanzada e o índice pódese converter nunha guía que permitirá a mellora continua do centro.

¿QUÉ OUTORGA O DISTINTIVO?

Outorga o recoñecemento da comunidade educativa á dirección do centro e equipo docente do centro educativo.

Facilita o desenvolvemento de metodoloxías educativas a favor do principio de igualdade e non discriminación.

Contribúe a reverter as desigualdades de xénero e promove o desenvolvemento humano e sostible.

Axuda a corrixir prácticas de carácter discriminatorio e relacións de poder inxustas situadas nos propios centros educativos.

Impulsa a formación e a capacitación da comunidade educativa.

Favorece a transparencia e a rendición de contas.

Impulsa o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e da Axenda 2030.

Recoñece o liderado da dirección do centro a favor da igualdade de trato e oportunidades.



PROCESO DE CERTIFICACIÓN DO IQSGD

O proceso de avaliación e certificación do IQSGD é telemático, proporciónase ao centro educativo acceso á plataforma dixital do índice facilitándolle un formulario electrónico de acordo coa clasificación do centro.

O centro educativo estará acompañado ao longo do proceso de certificación mediante reunións telemáticas e do servizo de consulta de dúbidas e aclaracións. Con todo, o formulario constrúese de acordo cos parámetros de viabilidade e asequibilidade.



Unha vez o formulario se cumprimenta, e enviado o centro educativo e recibirá a convocatoria a unha reunión telemática para a comprobación das evidencias requiridas previamente a partir da análise da documentación.

Finalizado o proceso, o centro educativo recibirá a puntuación obtida, a cal dará lugar ao Distintivo Violeta ou ao Camiño ao Violeta. A validez da certificación é de dous anos, transcorrido este período, o centro educativo pode acreditarse de novo.

¿A QUÉ NOS AXUDA?

A combater as prácticas sexistas, racistas, clasistas e LGTBIfóbicas que se poidan estar a producir no centro educativo.

A detectar as desigualdades por razón de sexo, xénero, etnia, clase, orixe, nacionalidade, diversidade funcional, expresión e identidade de xénero e por orientación sexual.

A dar visibilidade ás desigualdades e discriminacións que provocan os estereotipos e roles de xénero.

A acabar co monopolio masculino das definicións.

A potenciar o pensamento das nenas e mulleres.

A acabar coa visión masculina da historia.

A impulsar a igualdade de trato e oportunidades en todo o alumnado do centro educativo.

A combater as relacións de poder que determinan a configuración dos espazos e do exercicio dos dereitos.



¿QUÉN O FAI POSIBLE?

A Plataforma Unitaria contra as Violencias de Xénero e a Asociación Forgender Seal uníronse para crear instrumentos que faciliten a construción de sociedades máis igualitarias.

A Asociación Forgender Seal ten como finalidade social impulsar o exercicio e defensa dos dereitos humanos das mulleres, incorporando na súa metodoloxía de traballo a integración de perspectiva de xénero nos seus sistemas de xestión para poder favorecer a construción de sociedades máis xustas e igualitarias.

A Plataforma Unitaria contra as Violencias de Xénero ten como finalidade dar resposta á necesidade de visibilizar a violencia de xénero e reclamar actuacións, mediante a mobilización cidadá, para impulsar un movemento social coa misión de erradicar a violencia cara ás mulleres da nosa sociedade.

Ambas as entidades, como titulares de responsabilidades, asumen o rol de incidir desde o ámbito social, diante de institucións públicas e privadas, a favor do exercicio dos dereitos humanos.

FOR
GENDER
S E A L



www.forgenderseal.org
www.city50.distintiuidegenere.cat
www.educacioenvioleta.org



info@forgenderseal.org



[@forgender](https://twitter.com/forgender)



Lluís Antúnez nº 6
08006 Barcelona



www.violenciadegenere.org/



plataforma@violenciadegenere.org



[@prouviolencia](https://www.instagram.com/prouviolencia)



Via laietana, 16 1ª planta
08003 Barcelona